

I.O COÑECEMENTO, A VERDADE E A LINGUAXE

1. Que podemos coñecer?

1.1 Definición

Coñecer pode definirse coma a relación intelectual entre un suxeito que coñece e un obxecto coñecido e dita relación se pode xustificar axeitadamente.

A epistemoloxía (investigación sobre o coñecemento científico) e a gnoseoloxía (investigación sobre o coñecemento en xeral) son ramas de filosofía que se ocupan de investigar o coñecemento, que tipos de coñecemento hai e que fiabilidade teñen así coma os graos de coñecemento ou os límites para o mesmo. Comecemos coa gnoseoloxía.

1.2 Formas de coñecer:

- **Percepción sensible:** permite recoller información sobre o mundo, é a experiencia empírica.
- **Emoción:** Aporta importante información sobre todo froito da interactividade cos demais por iso é un xeito de coñecer fundamental para o coñecemento moral
- **Memoria:** Almacena experiencias do pasado para logo recuperar información.
- **Razón:** Permite relacionar xuízos para realizar inferencias e acadar conclusións xustificadas racionalmente, lóxicamente.
- **Imaxinación:** Coñecemento fundamental para a creatividade pois é a capacidade para reproducir, modificar e crear outras imaxes de xeito libre e espontáneo.
- **Fe:** Confianza na validez pero sen xustificar nin empírica nin racionalmente.
- **Intuición:** fonte de coñecemento non sempre aceptado debido a que as intuicións non necesitan procesar racionalmente a información.

1.3 Tipos de coñecemento:

-**Teórico:** Uso da razón, imaxinación, memoria, sentidos ... para coñecer a realidade , este saber acumúlase constituíndo dese xeito un *corpus teórico*.

-**Práctico:** Uso da razón, imaxinación, memoria, sentidos ... para actuar sobre a realidade de dous xeitos:

- En vista a obrar ben: acción moral.
- En vistas a producir beneficios: produción técnica.

1.4 Graos de coñecemento:




Ilustración 1.

2. As Facultades cognoscitivas

A sensibilidade e a razón traballan conxuntamente para coñecer. Vexámolas por separado.

2.1 A sensibilidade

Está formada pola sensación e a percepción. Captamos o que acontece grazas a que procesamos a experiencia externa mediante as **sensacións** que son fenómenos psicofísicos que xorden cando os nosos sensores son estimulados. Percibir é interpretar as sensacións dun xeito selectivo.

O obxecto estimula a nosa sensibilidade externa: os exteroceptores son os 5 sentidos que reciben a información externa, os interoceptores aportan a información sobre o noso organismo (propioceptores que informan da posición do corpo e os viscerosceptores aportan información da dor, fatiga, fame, sede...e outras sensacións corporais).

A sensibilidade interna ou percepción encárgase de construír e interpretar o obxecto sentido pois esté non é un reflexo exacto da realidade senón que xurde da nosa selección e interpretación de estímulos pois hai moitos factores que inciden na percepción sensorial coma os factores fisiolóxicos, os persoais (en función dos intereses e necesidades) e tamén factores socioculturais.

2.1.1 Percibímolos cousas tal e coma son?

Percibir conleva seleccionar, organizar e interpretar atribuíndolle significado os datos dos sentidos polo que hai desaxustes na relación suxeito (que percibe) - obxecto (percibido) ... a iluminación, a cor, o tamaño ou forma varían dependendo da perspectiva dende a que vemos ás cousas...pero hai unha *constancia perceptiva* que permite identificar ós obxectos a pesar das variacións. A Escola da forma (Gestalt en alemán) en oposición á Escola Asociacionista amosou que a percepción non é un sinxelo agregado de sensacións senón que a nosa mente ordena as sensacións seguindo unhas leis que fan referencia a aspectos figurais e á constancia perceptiva.



Ilustración 2..

E ti que ves aquí ?

2.2 A Razón

O coñecemento racional é abstracto pois traballa con conceptos, é unha capacidade exclusiva do ser humano que consiste en extraer as características comúns dos obxectos particulares obviando as diferencias. Os conceptos (representación mental abstracta) son integrados en unidades mais amplas que son os xuízos (proposicións enunciativas que poden ser verdadeiras ou falsas) e os xuízos en unidades mais amplas que son os razoamentos (cadeas de xuízos organizados mediante leis lóxicas)

Como o materializamos? Como o expresamos? Os Conceptos por medio de palabras, os xuízos por medio de proposicións e os razoamentos por medio de argumentacións.

- ✓ **María Zambrano** (1904-1991) di que temos dous tipos de razón, a **razón discursiva** que xera conceptos e razoamentos en busca da verdade. E a **razón poética** que revela unha verdade que non se deixa atrapar polos conceptos, de aí que se exprese a través da metáfora e a poesía, esta razón permite por de manifesto a realidade íntima de cada ser.

3. A verdade

En que consiste a verdade? Como recoñecela? Vexamos algúns criterios ou teorías da verdade que nos permiten determinar que é o que distingue ó verdadeiro do falso:

- **UTILIDADE:** é verdadeiro si é beneficioso dende un punto de vista práctico.
- **AUTORIDADE:** é verdadeiro si coincide co dito por certas persoas ou institucións que consideramos infalibles

- **CONSENSO:** di Habermas que o consenso debe estar aberto á libre participación a calquer suxeito racional ben informado e de xeito libre podendo así expresar as posturas de maneira que todos deben estar dispostos a cambiar a súa posición si está millor argumentada.
- **VERDADE EMPÍRICA:** o que se revela a través dos sentidos.
- **VERDADE COMA COHERENCIA:** é verdadeiro aquel enunciado que non entra en contradición co resto de enunciados aceptados previamente nun sistema de referencia. É propio das ciencias formáis.
- **VERDADE COMA EVIDENCIA RACIONAL:** unha afirmación é verdadeira si nace dunha intuición intelectual imposible de poñer en dúbida .
- **VERDADE COMA ADECUACIÓN:** hai verdade cando hai axuste ou correspondencia entre o que o suxeito di do obxecto nun enunciado e o que é o obxecto na realidade.
- **VERDADE COMA METÁFORA:** para Nietzsche todo concepto fórmase a partir de metáforas, metonimias e antropomorfismos...relacións humanas adornadas pola poesía e a retórica e que co tempo a humanidade considera sólidas, canónicas e obrigatorias...Para Nietzsche a verdade é unha ilusión, unha ficción.

3.1 Actitudes filosóficas ante a verdade.

Os diferentes filósofos situáronse nas seguintes actitudes ante a posibilidade de coñecer a verdade con certeza:

Dogmatismo: Defende a total certeza e seguridade ante a verdade, para eles podemos acadar uns principios absolutamente válidos que serven de base do saber.

Escepticismo: Nega a posibilidade de coñecer a verdade absoluta e polo tanto para eles o coñecemento é limitado. Ante esta limitación o que podemos facer é dubidar, suspender o xuízo e ser prudentes, respetuosos, abertos e tolerantes.

Relativismo: Teoría que nega a verdade universal e absoluta, todo depende da particularidade (espacial, temporal e persoal) polo que cada un ten a súa propia verdade sendo cada verdade tan válida coma outra. Pero...en moral, a pesar de que é fundamental respetar as opinións dos demais, deberemos poñer un límite ó relativismo e este límite son os dereitos humanos.

Subxectivismo: Cada un ten a súa propia verdade, a verdade ou falsidade depende de factores individuais. Para moitos esta actitude ante a verdade é inadmisibile xa que parece xustificar tódalas opinións, pero... tódalas opinións son válidas ?

Perspectivismo: para solucionar as dificultades do subxectivismo e relativismo xurde o perspectivismo afirmando que a verdade existe pero pódese captar dende un punto de vista determinado, dende unha perspectiva ou circunstancia que condiciona a forma na que a percibimos.

Hermenéutica: Céntrase na interpretación dos textos a cal parte duns prexuízos inevitables que fan que a nosa interpretación nunca sexa neutra. A nosa interpretación xorde dun diálogo co texto no cal mais que descifrar o que facemos é interpretar partindo do noso punto de vista social, persoal ou cultural... polo que a verdade exacta non é posible, podemos acadar unha verdade interpretada, sensata e significativa para nos

4. A linguaxe

Que relación hai entre as palabras e as cousas? Ó longo da historia da filosofía faise evidente a preocupación por esta cuestión xurdindo dous posicionamentos :

Naturalismo: a esencia da realidade exprésase mediante a linguaxe dándose unha relación de imitación de xeito que si analizámola linguaxe podemos coñecer á realidade.

Convencionalismo: a linguaxe non expresa a realidade pois os nomes son un artificio que por acordo lle damos á realidade, son convencións.

Wittgenstein (Viena, 1889 - Cambridge, 1951) expresa un pensamento filosófico que podemos dividir en dous períodos:


- O primeiro período xira en torno á súa obra *Tractatus Lógico-Philosophicus* que influíu nos positivistas lóxicos e no círculo de Viena. Nesta obra explica o funcionamento da lóxica coma ferramenta que permite amosar a estrutura da linguaxe coma descripción do mundo afirmando que “os límites da linguaxe son os límites do mundo” pois a linguaxe é unha *representación figurativa* do mundo, dase un **isomorfismo** entre linguaxe e mundo que podemos captar a través da forma lóxica. O mundo é un conxunto de feitos (relacións entre obxectos), os nomes representan obxectos e os enunciados feitos, os feitos son a relación entre obxectos. A teoría que defende no Tractatus é a **Teoría semántica do significado**. O significado dun nome é o obxecto, as proposicións non teñen significado, teñen senso (pois representa un feito).
- O segundo período está marcada pola crítica ó primeiro, agora xa non acepta que a esencia da linguaxe sexa representar á realidade, rexeita o isomorfismo, abandona o teoría semántica e redacta a obra *Investigacións Filosóficas* na que defenderá unha **Teoría pragmática** da linguaxe, na cal non acepta que a linguaxe exprese a esencia da realidade dun xeito fixo senón que a linguaxe será coma unha caixa de ferramentas, usadas de diferente xeito. A linguaxe será entendida coma unha actividade ante situacións lingüísticas diferentes, ante diferentes xogos da linguaxe. O que importa aquí non é tanto o significado coma o uso. Austin e Searle falarán de actos de fala no que o determinante é o uso nun contexto e cunha intencionalidade determinada polo falante.

5. O coñecemento dende o punto de vista político

Aristóteles comeza a súa Metafísica afirmando que “*Tódolos homes teñen por natureza o desexo de saber*” pois para él temos unha curiosidade natural que nos empuxa á verdade dun xeito persoal e sen ningún tipo de interés, é dicir, *saber por saber* ou saber en sí mesmo. Pero a realidade amosa que non é así pois nos move o interés por unha banda e pola outra nunca o facemos sos pois o coñecemento é froito do coñecemento colectivo, é dicir, todo coñecemento é social.

O coñecemento pertence á **comunidade científica** que en cada época comparte teorías, procedementos e instrumentos de investigación, cada sociedade comparte un **marco intelectual** de valores e conceptos e dispón duns **coñecementos base** que serán o punto de partida dos progresos futuros.

Quizais erra Aristóteles ó describir ó coñecemento coma desinteresado pois todo coñecemento está motivado por un interés, **Karl-Otto Apel** e **Jürgen Habermas** clasificaron os intereses que moven ó coñecemento pois consideran que o problema fundamental non está no interés en sí mesmo, xa que éste é o motor, o problema fundamental está nas prioridades, debería ser o primordial promover a liberación dos seres humanos... Eles dirán que cada investigación está motivada por un interés como vemos no seguinte cadro :



- O **interés técnico** está movido polo interés de instrumentalizar a realidade atopando as súas leis para poder predecir e controlar o mundo natural. Bioloxía, Física, química... comparten este interés. Búsqueda das leis que rixen á realidade para dominala.
- As **ciencias sociais** (psicoloxía, historia, economía...) pola contra están interesadas na práctica, na comprensión das **accións humanas** para así facilitar a comunicación e a convivencia. O interés que as move é de carácter hermenéutico xa que pretenden comprender os acontecementos.

- O interese fundamental para Apel e Habermas debería de ser o **emancipatorio** pois o obxectivo é facer unha sociedade máis xusta, libre e igualitaria evitando as situacións de dominación e opresión. A Filosofía sería una das disciplinas que persiguen este interese pois do que se trata é de loitar pola xustiza e liberdade a través da análise crítica dos feitos.

5.1 Interrelación entre coñecemento e poder:

A verdade é unha arma infalible, un instrumento de poder e control social. A información é a base do coñecemento, a estatística, por exemplo, xurde coma ferramenta de estado moi útil de aí o propio termo “estatística”. Foucault (1926-1984) advirte de que cando dispomos destes coñecementos faise posible administrar a vida das persoas, a biopolítica é o exemplo da unión entre coñecemento e poder. O poder crea verdade e a verdade crea poder .

Dende a epistemoloxía feminista analízase o papel do xénero e o modo no que a ideoloxía sitúa de diferente maneira a homes e mulleres. Donna Haraway afirma que todo coñecemento é situado polo que o coñecemento é un constructo social que parte dunha perspectiva que impide a neutralidade polo que debemos estar atentos xa que non tódalas situacións son válidas ou xustas.

Deberemos ter en conta:

- A investigación depende das institucións públicas e organismos privados que facilitan recursos pero ollo...tamén determinan prioridades. Polo que a investigación está dirixida por un interese e non polo altruísmo na meirande das ocasións.
- A información dos medios de comunicación é un instrumento fundamental para coñecer pero ollo...o interese do poder político polo seu control é conflictivo. Unha opinión pública crítica é imprescindible nunha democracia auténtica.
- A acumulación de datos nunha sociedade globalizada e informatizada xera un coñecemento que permite tomar decisións minimizando erros. Seguro que oíches falar **Big data**, fenómeno tecnolóxico que analiza macrodatos pois estes representan variables que á súa vez desvelan patróns que posibilitan a predicción de tendencias sobre o comportamento humano.

5.2 A posverdade:

A linguaxe, ademais de permitírnos describir a realidade dun xeito veraz tamén permite falseala, enmascarala.

Que é a posverdade? Podemos definir a posverdade coma de posible distorsión da realidade coa intención de manipular e enganar a opinión pública e actitudes sociais. Non se trata dun erro pois é intencionada.

Cómo se consegue o engano? Mediante a manipulación das crenzas e emocións



Ilustración 3.

De que medios se serven? Os medios dos que se serven son os medios de comunicación de masas, internet (acceso á información instantánea), redes sociais nas que de xeito gratuito, inconsciente e quizais ás veces inocente ofrecemos datos da nosa vida privada, dos nosos intereses sociais, políticos e culturais...

Cales son as consecuencias? O paradóxico é que os medios que facilitaron o acceso ó coñecemento fannos mais vulnerables ó engano e á manipulación pois a hiperconexión e a sobreabundancia de contidos dificulta a nosa capacidade para manter a atención, bloqueando a capacidade de distinguir entre opinión e certeza, é dicir, somos incapaces de distinguir entre realidade e ficción. Dispoñemos de moita información pero nos satura de tal modo que non a procesamos.

Esta situación xera “anemia mental” pois non podemos pensar por nos mesmos (quizais a “preguiza” ou a “cobardía” coma diría Kant en *Qué é a Ilustración?* son as causas de que renunciemos á nosa capacidade crítica e prefiramos perder liberdade antes que comodidade...o caso é que debemos decatarnos que de estamos ante un ataque directo á democracia xa que somos escravos dos intereses dos que teñen poder, estamos dominados e manipulados pois a posverdade entorpece a formación dun xuízo correcto da cidadanía polo que impide un debate público honesto.

Como é posible tal manipulación? Así funciona a nosa mente:

- O Sesgo confirmatorio cognitivo : interpretamos a información selectivamente, xerando un erro do razoamento inductivo pois asumimos coma verdadeiro aquelas afirmacións que reforcen as nosas crenzas e consideramos falsas aquelas que as cuestionan.
- A ignorancia motivada dáse cando somos conscientes do noso descoñecemento pero preferimos non profundizar para evitar a disonancia cognitiva, é dicir, evitar desestabilizar as nosas ideas e crenzas ...a ignorancia motivada é unha expresión do medo a asumir a realidade.
- Somos seres sociais por iso tendemos a dar maior credibilidade ás informacións que reforcen os lazos ou vínculo social do grupo ó que pertencemos independentemente de que sexan obxectivos ou non.
- Os atallos cognitivos lévannos ós sesgos, son hábitos automáticos, inconscientes ...ante a experiencia que nos permiten darlle sentido para así anticipar feitos futuros dando lugar a un procesamento sesgado en moitas ocasións. Debido a eles por exemplo aceptamos información coma verdadeira si creemos que provén dun experto...a pesar de non ter certeza de que tal persoa sexa experta.

Como loitar contra a posverdade?

A pesar do dereito de expresión, a repercusión da posverdade é social polo que son necesarias accións que poidan frear a desinformación pública, mediante a elaboración dun código de boas prácticas si tal información ten repercusións democráticas, ecolóxicas, seguridade ou saúde...

Promover accións de alfabetización dixital, de millora do pensamento crítico, e verificacións independentes.

6. O problema do coñecemento dende unha perspectiva histórica: a historia da epistemoloxía

Que é a verdade ? Cómo a acadamos? Como coñecemos? Polos sentidos? Pola razón? Na súa orixe ciencia e filosofía son sinónimas, a historia da filosofía amosa como ó longo do tempo xurdiron diferentes propostas ante o problema do coñecemento. Vexámolas!

6.1. A ciencia na filosofía antiga.

6.1.1 O s. VI a. C: PRESOCRÁTICOS

Teñen unha concepción da verdade entendida coma ἀλήθεια (aletheia) é dicir, desocultamento, desvelamento. Para os primeiros filósofos a fonte do coñecemento auténtico é a razón pois capta a verdade indo mais alá das aparencias que recibimos polos sentidos, a razón “desvela”, “desoculta” a verdade *agochada* nas cousas cambiantes, plurais, corruptibles...A razón permite decatarnos de que a verdade non pode cambiar. Os primeiros filósofos buscan mediante o logos ou razón as leis, a orde subxacente ás cousas, a esencia da realidade ... o arxé eenténdese coma principio do que todo brota. Coñecendo ó arxé coñecerémola esencia da realidade a así poderemos darlle senso.

6.1.2. O s. V a. C: OS SOFISTAS E SÓCRATES

O s. V é o século de Pericles, un momento de grande desenrolo cultural, económico e demográfico onde triunfa a democracia polo que a preocupación da filosofía alónxase do cosmos centrándose no antropos e a posibilidade de triunfar dialécticamente na ágora.

Ós sofistas non lle interesa a verdade en sí o que buscaban era o triunfo social a través da oratoria e a retórica coa que pretendían convencer ós seus concidadáns. Pola contra a Sócrates non lle interesaba o triunfo social senón moral, creía que a verdade existía dun xeito obxectivo e co seu método, a maiéutica, poderíamos acadala. A maieutica permite sacar a verdade que está dentro de cada un a través da definición do universal, para él a acción moral está determinada polo coñecemento (isto se coñece coma *intelectualismo moral*: soamente obra mal o ignorante de aí a importancia da educación coma medicina política)

6.1.3 A CIENCIA EN PLATÓN

Platón foi discípulo de Sócrates e parte dun **dualismo ontolóxico** (dous mundos, un sensible e falso que imita a outro intelixible e verdadeiro) e dun **dualismo epistemolóxico** é dicir, a súa teoría do coñecemento distingue entre :

-Coñecemento sensible-DOXA: o coñecemento fenoménico, sensible, que soio permite facer opinións falsas, *doxa*. É un coñecemento enganoso, particular e cambiante

-Coñecemento intelixible-EPISTEME: o coñecemento racional é auténtico, verdadeiro. A nosa alma inmortal pertence ó Mundo Intelixible pero cando cae nun corpo material e sensible, enferma de olvido. A *anamnesis* consiste en lembrar (reminiscencia) pois superamos a amnesia. Coñecer para Platón é lembrar as ideas inmateriais, perfectas, eternas, universáis...a *Episteme* é o coñecemento verdadeiro, o coñecemento científico. A verdade universal é **trascendente** ás cousas sensibles.

6.1.4 A CIENCIA EN ARISTÓTELES

A pesar de que Aristóteles rexeita a concepción dualista de Platón coincide con él afirmando que o coñecemento racional é superior. Os sentidos ofrecen para o estaxirita un coñecemento básico e incompleto e a razón mediante a abstracción permite coñecer a verdade universal presente nas cousas sensibles. A verdade universal é **inherente** ás cousas sensibles.

6.2. A ciencia na modernidade

Na modernidade imponse a razón sobre a Fe coma fonte de coñecemento válida, o humanismo e a revolución científica anuncia un novo xeito de facer ciencia baseado nunha nova linguaxe, a matemática (que aporta exactitude), nunha nova maneira de proceder sistemática mediante o uso do método e nun novo xeito de contraste, a experimentación empírica. A matemática, o método e a experimentación serán os tres pilares da *nuova scienza*.

O problema fundamental da modernidade é a epistemoloxía, racionalistas e empiristas ofrecerán respostas antagónicas e o criticismo Kantiano aportará una síntese crítica e integradora destas. Vexamos:

6.2.1 O RACIONALISMO:

O racionalismo parte dunha confianza cega na razón, única fonte válida do coñecemento. Isto fai que defendan a existencia das **ideas innatas** froito da actividade racional desconfiando das ideas que proceden dos sentidos. A razón por sí soa pode acadar **certeza** mediante o **método dedutivo**. A ciencia modelo para un racionalista son as **ciencias formáis** (lóxica e matemáticas) pois parten




Ilustración 4

de principios axiomáticos universais e necesarios completamente evidentes e que permiten deducir partindo deles tódalas verdades sobre as cousas. Os racionalistas máis importantes son René Descartes (1596-1650), Baruch Spinoza (1632-1677) e Gottfried Leibniz (1646-1716).

6.2.2 O EMPIRISMO:

O empirismo desenrolouse fundamentalmente nas Illas Británicas. A orixe e o límite do coñecemento é a experiencia sensible (sensacións recibidas grazas á percepción). “*Empirismo*” provén do termo grego *ἐμπειρία* traducido ó latín coma experiencia. Esta corrente defende que a mente é coma un papel en branco que se enche cos datos da experiencia sensible polo que non existen ideas innatas. A ciencia modelo para os empiristas son as ciencias naturais. Os empiristas mais importantes son: Hobbes (1588-John Locke (1632-1704), George Berkeley (1685-1753) e David Hume (1711-1776).



Ilustración 5

6.2.3 O CRITICISMO:

Immanuel Kant (1724-1804) non acepta o *dogmatismo* racionalista (por defender ideas innatas indemostrables) nin o *escepticismo* empirista (porque si a orixe é a experiencia particular é imposible coñecer o universal, é imposible polo tanto a ciencia, a verdade, dado que a mente é un papel en branco). Pero Kant ten coma clara mostra da posibilidade da ciencia ós descubrimentos de Newton polo que se decata que tanto racionalistas coma empiristas están equivocados e á vez teñen razón. O que buscará Kant é a síntese das dúas correntes desenrolando o “xiro copernicano” pois porá ó suxeito no centro da cuestión epistemolóxica. Vexamos:

Todo coñecemento comeza na experiencia (comeza no obxecto sensible que nos afecta os sentidos) pero á vez é o suxeito quen de forma activa organiza esa experiencia grazas a que o suxeito ten de xeito *a priori* unhas estruturas mentais transcendentais que permiten estruturar, representar, darlle forma ó **obxecto en sí ou noumeno** (que non o podemos coñecer directamente). Coñecer é transformar ó obxecto en sí en “**fenómeno**” ou **obxecto en min** (o obxecto representado) para despois poder pensalo. Sin obxecto non hai coñecemento, sin a capacidade de representar do suxeito tampouco, é necesaria a síntese entre o dado na experiencia e o posto polo suxeito a priori.

Coñecer é representar, dar **forma** á realidade, sen obxecto, sen **materia**, non podo coñecer nada por iso Kant conclúe na Crítica da Razón Pura, 1781 que a metafísica non é ciencia pois o seu obxecto de coñecemento non procede da experiencia sensible. O metafísico (Deus, Alma e Mundo) o podemos pensar pero non coñecer cientificamente.



Ilustración 6

6.3. O Coñecemento na filosofía contemporánea

6.3.1 Idealismo Absoluto :

Para Hegel (1770-1831) o coñecemento humano non ten límites xa que é absoluto, a totalidade pódese construír xa que todo o racional é real. O ser coñécese coma un todo polo que as partes coma complemento dese todo e coma tal son susceptibles de ser coñecidas . Para Hegel o suxeito coñece porque hai unha identidade entre ser e pensar. O fundamento do ser está nun proceso dinámico e histórico no que se desprega.

6.3.2 Neopositivismo lóxico :

Rudolf Carnap (1891-1970) coma máximo representante do Círculo de Viena afirma que soio o observado e concreto pode ser coñecido, os feitos empíricos son o único que podemos coñecer por iso as únicas ciencias lexítimas son as naturais xa que se poden **verificar**.

6.3.3 Racionalismo crítico :

Karl Popper (1902-1994) non acepta a verificación coma criterio de certeza. O único que temos son casos particulares e o particular é o que pode falsar ás teorías. A verificación é excesivamente utópica, a falsación é a opción mais realista. As teorías son provisionais polo que ciencia soio ofrece probabilidade nunca pode ser absoluta.



Licenzas das ilustracións

| Ilustración | Recurso |
|--------------------|-----------------------------|
| Ilustración 1. | Autoría: Elaboración Propia |
| Ilustración 2. | |
| Ilustración 3. | |
| Ilustración 5 | |
| Ilustración 6 | |